



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADORAS DA CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACION URXENTE DA XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN**

#### **CLÁUSULA PRIMERA.- Obxecto do contrato.**

O obxecto da contratación é a adxudicación, por procedemento aberto e tramitación urxente da xestión do albergue de Mañón, mediante a modalidade de concesión de servizos, de conformidade co establecido nos artigos 15, 284 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O albergue está inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia como **albergue turístico de 2ª categoría**

A promoción da actividade turística de interese e ámbito local é unha das competencias propias a exercer polos municipios.

O pilar fundamental para o exercicio desta competencia é a necesidade de poñer en valor o turismo para activar a economía do Concello.

Partindo desta competencia, coa adxudicación do contrato pretendese satisfacer a finalidade pública de ofertar servizos de calidade ás persoas que visitan o municipio, fomentar o contacto coa natureza, posibilitar a adecuada utilización do ocio e do tempo libre, así como fomentar e facilitar a convivencia social.

A inexistencia de recursos adecuados para a prestación do servizo por parte do Concello, determinan a necesidade da súa prestación a través do presente contrato.

O dereito de explotación do servizo implicará a transferencia ó concesionario do risco operacional.

Aplicaranse as normas establecidas na LCSP no que non estea regulado polo presente prego.

#### **CLÁUSULA SEGUNDA.- Codificación do obxecto do Contrato.**

Código CPV: 55100000

#### **CLÁUSULA TERCEIRA.- Procedemento de selección e adxudicación .**

O contrato adxudicarase por procedemento aberto e tramitación urxente.

No procedemento todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 156 da LCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a varios criterios vinculados ó obxecto do contrato, de conformidade coa LCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta una licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sea admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

#### **CLÁUSULA CUARTA.- Perfil do contratante.**



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

Coa fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Estado.

### **CLÁUSULA QUINTA.- Prazo de duración.**

O contrato ten prevista a súa iniciación o día 1 de xuño de 2023 e finalizará o día 31 de decembro de 2026.

### **CLÁUSULA SEXTA.- Canon do servizo.**

O canon establecece nun mínimo de 3.600,00 euros/ano, cantidade que poderá ser mellorada a alza polos licitadores.

O adxudicatario deberá ingresar o importe ofrecido nos dez (10) primeiros días de cada anualidade.

En cumprimento do artigo 7.9º da Lei 37/1992 de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido, a operación non está suxeita ó IVE.

### **CLÁUSULA SÉTIMA.- Órgano de contratación.**

En atención a que a duración do contrato é inferior a catro anos, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª da LCSP, é o Alcalde.

A competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto nº 194/2019, de 20 de xullo.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que xurdan no seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable.

### **CLÁUSULA OITAVA.- Dereitos e deberes do concesionario.**

#### **Dereitos do concesionario.**

O adxudicatario terá o dereito de usar e utilizar as instalacións e o mobiliario existente no local no que se prestará o servizo obxecto do contrato e que figuran no correspondente prego de prescricións técnicas.

Así mesmo, terá dereito a percibir dos usuarios do servizo as tarifas aprobadas pola Administración.

Non obstante, o concesionario terá a obriga de permitir que o Concello utilice libremente e sen ningún tipo de indemnización, os locais obxecto do contrato, nas data que no seu caso se fixen, para que poidan ser empregados polos veciños de Mañón para fins sociais, culturais e deportivos.

#### **Obrigas do concesionario.**

- **Obrigas xerais** derivadas do réxime xurídico do presente contrato (artigo 288 da LCSP):

a) Prestar o servizo coa continuidade acordada e garantir ós particulares o dereito a utilizalo nas condicións que se estableceran e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas. No caso de extinción do contrato por incumprimento do mesmo, o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

b) Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes a que se refire o artigo 287 LCSP.

c) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

d) Respetar o principio de non discriminación por razóns de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministro consecuencia da concesión do servizo.

### - Obrigas específicas:

a) Conservar en perfecto estado as obras e instalacións destinándoas exclusivamente ó uso pactado e a devolvelas, ó finalizar o contrato no mesmo estado que se recibiron. O adxudicatario deberá colaborar co Concello para realizar as labores de verificación do cumprimento do mantemento das instalacións e do equipamento.

b) Realizar pola súa conta todas as reparacións e revisións necesarias, respondendo incluso dos deterioros producidos polos usuarios.

c) Cumprir coas disposicións vixentes en materia tributaria, fiscal, laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

O adxudicatario deberá presentar ante o Concello de Mañón, sempre que este o solicite a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Levar a cabo as actuacións que, no seu caso, sexan ofertadas e obter as autorizacións que establezan as disposicións en vigor para a prestación do servizo.

e) Manter en correcto estado o entorno da edificación e instalación, asumir todos os gastos de limpeza e mantemento do mesmo, así como, os derivados da alta e consumo nos servizos de enerxía, agua, telefonía e de recollida de residuos sólidos urbanos.

f) Abonar o canon da concesión na forma e prazo acordados.

g) O adxudicatario deberá formalizar unha póliza de seguro para cubrir os danos e prexuízos que se poidan causar ós bens obxecto da concesión, así como a terceiros e ao Concello durante a duración da prestación .

h) Exercer por si a concesión, non podendo cedela ou traspasala a terceiros, respondendo exclusivamente o concesionario ante o Concello.

i) Facer figurar, de forma expresa, en todos os anuncios, carteis, folletos, páxinas web, prensa e outros medios o logotipo do Concello co nome da entidade concesionaria.

j) Tratar os usuarios co máximo respecto, amabilidade e cortesía, dispoñendo a estes efectos dun libro de reclamacións e suxestións.

### CLÁUSULA NOVENA.- Facultades e obrigas da Administración.

#### Facultades:

- Deixar sen efecto a xestión do servizo público antes do vencemento, se o xustificaran circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos cando procedera.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

- Inspeccionar en calquera momento os bens obxecto de xestión do servizo público, as instalacións e construción, dado que a Administración conserva os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo público.

### **Obrigas:**

- Poñer a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.

- Prestar a colaboración necesaria dentro das súas competencias ó adxudicatario para a boa marcha do servizo.

### **CLÁUSULA DÉCIMA.- Reversión.**

Ao termo do prazo da xestión, o servizo público reverterá á Administración, debendo o concesionario entregar o inmovible, inversións e melloras realizadas nun estado adecuado de funcionamento e conservación.

Nos seis meses anteriores á reversión, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas.

Dentro do prazo de 30 días a contar dende a data de terminación ou da notificación da resolución de que se trate por calquera outra causa de finalización, sen necesidade de requirimento algún, o adxudicatario deberá entregar os bens obxecto do servizo público en adecuado estado de conservación e funcionamento.

Os bens afectos á conexión que vaian a reverter á Administración non poderán ser obxecto de embargo.

### **CLÁUSULA UNDÉCIMA.- Resolución do contrato.**

Aplicarase para a resolución do contrato as causas establecidas no artigo 294 e 211 da LCSP. Para os efectos da resolución estarase ao disposto no artigo 295 LCSP. En canto o secuestro da concesión estarase ao previsto no artigo 263 LCSP.

### **CLÁUSULA DUODÉCIMA.- Capacidade para contratar.**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non se encontren incursas nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias do contrato sempre que as súas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lle sexan propios.

A Administración poderá contratar con unións de empresas (UTE) que se constituán temporalmente ao efecto. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais, quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción do mesmo, conforme ao establecido no art. 69 da LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizarse en escritura pública, así como presentar o CIF correspondente. A duración da UTE será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- Presentación de proposicións, lugar e prazo de presentación, documentación.**

Cada licitador presentará unha única proposición. Non se poderá subscribir propostas de unión temporal con outros si xa se fixo individualmente ou figura noutra UTE. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo licitador.

A presentación da proposición supón a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das cláusulas ou condicións de este prego, sen excepción ou reserva algunha.

As proposicións presentaranse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 15 días naturais a contar dende a publicación do anuncio de licitación na referida plataforma: <https://contrataciondelestado.es>

As proposicións constarán dos tres arquivos ou sobres electrónicos que se indican:

A.- Sobre “A” denominado “**Sobre A: Documentación- CONTRATACIÓN XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN**”, no que se incluírá:

A.1.- Declaración responsable: O licitador presentará unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións legalmente esixidas para contratar coa administración. Esta declaración axustarase ó modelo contido no Anexo I.

A.2.- Acreditación da solvencia económica e financeira: Existencia dun seguro para cubrir os danos e prexuízos que se poidan causar ós bens obxecto da concesión, así como a terceiros e ao Concello durante a duración da prestación. Este requisito entendese cumprido polo licitador ou candidato que inclúa na súa oferta, un proxecto ou proposta de seguro. No caso de resultar adxudicatario, deberá presentar a póliza, debidamente subscrita, no prazo establecido na cláusula décimo sétima.

A.3.- Acreditación da solvencia técnica: Declaración do equipo persoal e material de que dispoñerá o licitador para a prestación do servizo.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas na cláusula décimo sétima para ser adxudicatario do contrato.

A.4.- Unións Temporais de Empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a integrarían, declaración responsable de cada unha das empresas integrantes da UTE indicando que cumpren as condicións legalmente esixibles para contratar coa Administración; así como a participación de cada unha das empresas na UTE, co compromiso de constituíla formalmente no caso de resultar adxudicataria. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e no mesmo expresarse a persoa a quen designen como representante da UTE ante o Concello para todos os efectos relativos ó contrato, enderezo da UTE e correo electrónico que sinalen a efectos de notificacións.

B.- Sobre “B” denominado “**Sobre B: Memoria de xestión- CONTRATACIÓN XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN**” que conterá:

B.1.- Memoria de xestión: explicará detalladamente a forma de xestionar e explotar as instalacións obxecto da concesión, en todos os seus aspectos.

B.2.- Plan de comunicación: Medios de publicidade que se empregarán para informar sobre a instalación.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

B.3.- Programa de mantemento e de seguridade das instalacións.

B.4.- Medios persoais e materiais que se adscriben ó obxecto do contrato.

C.- Sobre “C” denominado “**Sobre C: Oferta económica e documentación relativa a criterios avaliábeis de forma automática- CONTRATACIÓN XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN**”, que conterá a seguinte documentación:

C.1.- Oferta económica que se axustará ó modelo contido no Anexo II .

Cada licitador unicamente poderá presentar unha oferta económica. No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letras, prevalecerá esta última.

C.2.- Experiencia previa en servizos de hostalería.

O licitador deberá presentar certificados de empresa nos que figuren os servizos prestados en traballos relacionados coa hostalería ou calquera outra documentación que acredite os traballos realizados.

As proposicións e todos os documentos que integran ou se achegan coa oferta deberán ser asinados electronicamente.

### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- Mesa de contratación.**

A mesa de contratación estará integrada polas seguintes persoas:

PRESIDENTE : Alcalde do Concello

PRIMEIRA VOGAL : Secretaria-Interventora do Concello.

SEGUNDO E TERCEIRO VOGAL: Persoal da Axencia de Turismo de Galicia

SECRETARIA: Funcionaria do Concello.

### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- Criterios para a adxudicación do contrato.**

As ofertas valoraranse ata un máximo de 100 puntos da forma seguinte:

**Criterios avaliábeis de forma automática** : 60 puntos

a) Importe anual ofertado (canon) a aboar ó Concello pola explotación do servizo:  
Máximo 40 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ó licitador que oferte o maior prezo ou canon a pagar ó Concello, o resto de licitadores obterán a puntuación proporcional ás súas ofertas.

O canón mínimo anual será de 3.600,00 €

A concesión non está suxeita ó IVE, segundo o artigo 7.9º da Ley 37/92, do 28 de decembro, do IVE.

b) Experiencia previa en servizos relacionados con traballos relacionados coa hostalería: 0,5 puntos por cada mes, ata un máximo de 20 puntos.

**Criterios avaliábeis a través de xuízos de valor:** 40 puntos

Memoria de xestión: Ata 40 puntos.

Os licitadores deberán presentar dentro do marco establecido na cláusula 13ª unha memoria de xestión que inclúa os seguintes aspectos:

C.1.- Memoria organizativa: Explicarase detalladamente a forma de xestionar e explotar as instalacións obxecto da concesión en todos os seus aspectos: Ata 20 puntos.

C.2.- Plan de comunicación: Medios de publicidade que se empregarán para dar a coñecer as instalacións: Ata 5 puntos.

C.3.- Programa de mantemento e de seguridade das instalacións: Ata 10 puntos.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

C.4.- Medios persoais e materiais que se adscribirán o obxecto do contrato: Ata 5 puntos.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.- Apertura de Proposicións.**

A Mesa de contratación reunirse o terceiro día hábil trala finalización do prazo de presentación de proposicións ás 12,00 horas, calificará a documentación presentada no sobre A, comunicando, no seu caso ós licitadores os defectos ou aclaracións e o prazo para subsanar que non poderá ser superior a tres días e declarará as proposicións admitidas e as rexeitadas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos. Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa a realizar as aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que en este momento poida facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas ou de subsanación ou corrección de defectos ou omisións.

14.1 Apertura e valoración de ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración de ofertas.

**1ª Fase :** Valoración dos criterios ponderables a través de xuízos de valor (Sobre B).

Os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na Fase 1 quedarán excluídos da 2ª fase e non continuaran no proceso selectivo.

**2ª Fase:** Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliáveis de forma automática (Sobre C).

Esta valoración do sobre C realizarase pola Mesa de contratación no lugar e día que se sinale no perfil do contratante.

#### **Rexeitamento de proposicións.**

Se algunha proposición fora presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola Mesa, en resolución motivada.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Adxudicación.**

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de contratación requirirase ó licitador que presentara a mellor oferta para que dentro do prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ó que houbera recibido o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica a seguinte documentación:

#### **1.1.- Acreditativa da personalidade e capacidade.**

1.1 a) Persoas físicas: Documento Nacional de Identidade, NIF, Pasaporte, NIE ou documento equivalente.

1.1.b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución e/ou, no seu caso, de modificación, inscrita no rexistro mercantil.

#### **1.2.- Representación.**





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Non obstante será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea.

No caso de non estar inscritos os poderes nos citados rexistros deberán bastantearse previamente pola Secretaría da Corporación.

### 1.3.- **Solvencia técnica, económica e financeira.**

O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica mediante os requisitos específicos que se indican na cláusula décimo terceira.

### 1.4.- **Imposto sobre Actividades Económicas.**

Certificación de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no enderezo fiscal da prestación do servizo.

### 1.5.- **Obrigas tributarias e da Seguridade Social.**

Documentación xustificativa de esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### 1.6.- **Garantías.**

O licitador que presentase a oferta económica mais vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía definitiva por importe de 3.600,00 euros atendendo á natureza da concesión e a súa duración.

A garantía poderá prestarse en calquera das formas establecidas no art. 108 da LCSP.

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedarán clasificadas as ofertas.

Nos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato.

A adxudicación notificarase ós licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

## **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.- Formalización do contrato.**

A formalización do contrato en documento administrativo deberá realizarse non máis tarde dos oito días hábiles seguintes a aquel en que o licitador reciba a notificación de adxudicación e na data que sinale a Administración.

Este documento será título suficiente para acceder a calquera rexistro público; non obstante, o adxudicatario poderá solicitar que o Contrato se eleve a escritura pública correndo da súa contas os gastos correspondentes.

O adxudicatario xunto co contrato asinara os pregos que regulan a contratación.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante.

## **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.- Posta a disposición das instalacións.**





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

Na mesma data da sinatura do contrato, o Concello poñerá a disposición do adxudicatario as instalacións con todo o equipamento dispoñible, facendo entrega das chaves.

No mesmo acto, en presenza dun representante do Concello e do adxudicatario asinarase o inventario das instalacións e do equipamento acompañado dunha reportaxe fotográfica.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMA.- Penalidades por incumprimento.**

#### **A) Incumprimento.**

Se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios na prestación do servizo, a Administración poderá decidir a resolución do contrato ou a intervención ata que aquela desapareza. En todo caso o contratista deberá abonar ó Concello os danos e prexuízos que lle foran causados.

#### **B) Penalidades por incumprimento.**

Cando o contratista incumprira coas obrigas establecidas no presente prego impoñeranse penalidades na proporción á gravidade do incumprimento.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación que será inmediatamente executivo e faranse efectivas sobre a garantía constituída.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMERA.- Modificación do contrato e mantemento do equilibrio económico.**

Para a modificación do contrato e o mantemento do equilibrio económico estarase ó disposto no art. 290 da LCSP.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.- Subcontratación.**

De conformidade con establecido no art. 296 de la LCSP a subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias, resultando de aplicación os artigos 215, 216 e 217 da LCSP.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico do contrato.**

O presente contrato ten carácter administrativo e a contratación rexerese polo establecido nos Pregos reguladores da mesma e para o non previsto nele, será de aplicación a LCSP e demais normativa contractual.

Para resolver as controversias que xurdan entre as partes será competente a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna. .... D.N.I. nº .....  
con enderezo en .....  
Concello ..... Provincia ..... C.P. ....  
teléfono ..... actuando en nome propio ou da empresa que  
representa ..... con C.I.F. nº .....  
segundo escritura de apoderamento outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio  
de ..... D./Dna. ....  
con data ..... baixo o número ..... do seu protocolo nº .....  
atopándose inscrita a empresa no Rexistro Mercantil .....

COMPARECE ante o Concello de Mañón, para tomar parte na licitación denominada XESTIÓN DO ALBERGUE DE MAÑÓN, coñecendo os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, de conformidade co disposto no artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, DECLARA baixo a súa responsabilidade e ante o órgano de contratación:

- 1.- Que cumpre coas condicións legalmente esixidas para contratar coa Administración.
- 2.- Que cumpre, en relación coa licitación convocada, cos requisitos de capacidade esixidos nos seus pregos reguladores.
- 3.- Que non está incurso/a en prohibición para contratar, atopándose ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4.- Que se compromete a presentar ante o órgano de contratación, no caso de resultar proposto para a adxudicación e con carácter previo á adxudicación, a documentación establecida nos pregos reguladores da licitación.
- 5.- Que sinala como dirección electrónica a efectos de notificacións a seguinte:

.....  
6.- (Só para empresas estranxeiras)

Declara someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia ó foro xurisdiccional estranxeiro que puider corresponder ó licitante.

7.- AUTORIZA ó Concello de Mañón para que consulte electronicamente os datos consignados na presente declaración que obren en poder das administracións públicas. No suposto de que por algunha circunstancia non se poidan obter os citados datos polo Concello de Mañón, o interesado deberá presentar os documentos que lle sexan solicitados.

Lugar, data e sinatura do licitador/a.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### ANEXO II OFERTA ECONÓMICA

D./Dna. .... D.N.I. nº .....  
con enderezo en .....  
Concello ..... Provincia ..... C.P. ....  
teléfono ..... actuando en nome propio ou da empresa que  
representa ..... con C.I.F. nº .....  
segundo escritura de apoderamento outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio  
de ..... D./Dna. ....  
con data ..... baixo o número ..... do seu protocolo nº .....  
atopándose inscrita a empresa no Rexistro Mercantil .....

SOLICITA participar na licitación denominada XESTIÓN DO ALBERGUE DE  
MAÑÓN,

1º Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas  
Particulares e Prescricións Técnicas do presente contrato.

2º Que se compromete, en nome (propio ou da empresa que representa) a executar a  
prestación obxecto de licitación, con estritas suxeicións ós requisitos e condicións esixidos  
e de acordo coas condicións oportunas, pola cantidade de  
Oferta canon anual (en número e en letra)

Lugar, data e sinatura do licitador.